VOLTAMOS ÁS ANDADAS

Décimo-quinta xornada correspondente á Liga local Cadete grupo No.4 que finalizou coa derrota dos aresáns. Ao descanso chegouse coa vitoria dos visitantes por 0 - 1.

Prados Vellos, 29 de marzo de 2014.

FICHA TECNICA:

NUMANCIA: Fernando, Emi, Oscar, Pablo Cartelle, Pablo Ferro, Adrián, Luís (Raúl), Fran, Sergio (Lemos), Antón (Nico) e Piñeiro (David).

Adestrador: Daniel Iglesias Montero.

Delegado: Javier Aneiros Martinez.

PORTUARIOS "B": Cristián Martínez, Moisés, Miguel, Carlos, Santiago, Alexandre, Jericó, Diego Pantin, Javier (Alejandro), Cesar (Jose) e Oscar (Cristián Casal).

Adestrador: David Muiño Calvo.

Delegado: Alberto Piñon Senande.

COLEXIADO: Telmo Pérez Vázquez. Amoestou ao xogador Jericó do Portuarios B e Adrián do Numancia.

GOLES:

0 – 1: Carlos (min. 22): Córner por banda esquerda, que toca no primeiro pau un xogador visitante e remate de Carlos no segundo pau, só, sen marca quen bate a Fernando.

COMENTARIO:

Primeira metade no que o Numancia tivo o control do partido, e xa nos primeiros 10 minutos dispuxemos de dúas claras ocasións de gol que non soubemos aproveitar. No

minuto 22, nun córner mal defendido polo aresáns, o Portuarios conseguía adiantarse no marcador. A partir do gol, Intentamos reaccionar pero os visitantes defendéronse moi ben e non tivemos ningunha clara ocasión de gol, chegándose ao descanso coa vitoria dos visitantes por 0 - 1. Magoa das ocasións desaproveitadas no inicio da primeira metade.

Na segunda metade, o Numancia xogou sen ritmo, sen rápida circulación do balón, aínda que defensivamente non pasamos por moitos apuros, ofensivamente non soubemos penetrar na

pechada e ordenada defensa dos visitantes. Só con algúns contragolpes puidemos marcar algún gol, pero goles son amores, e nesta ocasión non puido ser, chegándose ao final do partido cunha derrota por 0 - 1.

En resumo, mal partido dos aresáns onde desaproveitamos claras ocasións de gol na primeira metade ante un equipo que non soubemos penetrar na súa ordenada defensa.